



ADDENDA NÚMERO 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MARÍN PARA O ACONDICIONAMENTO DA PO-546 "HUMANIZACIÓN DA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL ENTRE A ROTONDA DAS ANCLAS E RÚA REAL DE CANTODAREA. MARÍN"

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

REUNIDOS



Dunha parte, Ethel Vázquez Mourelle, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, M^a Pilar Ramallo Vázquez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Marín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense na calidade coa que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN



O 28 de marzo de 2018 asinouse o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Marín para levar a cabo o acondicionamento da PO-546 "Humanización da rúa Concepción Arenal entre a rotonda das anclas e rúa Real de Cantodarea. Marín".

O orzamento de execución destas obras estimouse en 1.615.136,01€. O Concello de Marín comprometeuse a achegar o 20% do total da obra, é dicir, 323.027,20€.



A cláusula cuarta do convenio establece que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, financiará os gastos de execución das obras, ata un máximo **DUN MILLÓN DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CENTO OITO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (1.292.108,81€)**, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, distribuído nas seguintes anualidades:

2018 646.054,40€

2019 646.054,41€

Na cláusula quinta, Xustificación e Pagamento, establecece como data límite para a xustificación o 30 de novembro para cada unha das anualidades.

Con data 2.10.2018 o Concello de Marín solicita un reaxuste de anualidades en base á que o concello estivo en trámites de adaptarse ao disposto no Lei 9/2017 (LCSP) no referido ao procedemento de presentación electrónica cos requisitos tecnolóxicos adecuados que permitan realizar a licitación electrónica coas garantías e requisitos que esixe a LCSP.

Ante a imposibilidade de executar obra no ano 2018 solicita o reaxuste das anualidades de xeito que a anualidade concedida para o ano 2018 sexa incorporada á anualidade 2019.

En base aos argumentos e xustificación dada polo Concello de Marín é preciso regularizar os compromisos económicos das partes, é polo tanto asinar unha addenda ao convenio, entendendo todas as partes que as condicións que motivaron a sinatura daquel son plenamente vixentes e os seus obxectivos son invariables no tempo e, en consecuencia,

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio citado, na que se modifica a CLÁUSULA CUARTA.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

Mantén a súa vixencia coa seguinte modificación:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
infraestructuras.cim@xunta.gal

axencia galega
de infraestructuras

axi

galicia

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras, , destinando para iso ata un máximo **DUN MILLÓN DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CENTO OITO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EUROS (1.292.108,81€)**, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, de acordo coa seguinte distribución

Ano	Importe (€)
2018	0,00
2019	1.292.108,81
TOTAL	1.292.108,81

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo a presente addenda por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestructuras



Ethel Vázquez Mourelle

A alcaldesa do Concello de Marín



Ma Pilar Ramallo Vázquez